Nº EXPEDIENTE: 2025/SUBDIREC/000039

ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN DE XÓVENES EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025.

Logo de examinar o expediente núm. 2025/SUBDIREC/000039, resultan relevantes para a súa resolución os seguintes

FEITOS

1.- Por providencia da Concelleira delegada, se ordena iniciar o expediente para outorgamento dunha subvención directa a Asociación de Xóvenes Empresarios (AXE), CIF G36105245, para o desenvolvemento de actividades de promoción do emprendemento para o período de 2025

2.- Xúntanse informes do técnico de administración Xeral do servizo de Educación e Promoción Económica de 06/11/2025 e do servizo de Asesoría Xurídica do 19 e 26 de novembro de 2025.

3.- Xúntase informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1.- O artigo 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG) no mesmo senso que o artigo 23.1 do antigo Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, Decreto de 17 de xuño de 1955 (RSCL), determina que poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan aos atribuídos á competencia local.

2.- Ao abeiro do establecido no artigo 3 da Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra e os seus organismos autónomos (OXS) aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17 de setembro de 2004 e publicada no B.O.P. nº 190 do 30 de setembro, son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no citado precepto.

3.- O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas. Se ben as actividades referenciadas non encaixan como competencias propias, xa que entre as mesmas non se inclúen as actividades de comercio, o artigo 25.2.i) LBRL refírese as feiras, abastos mercados, lonxas e o comercio ambulante ademais de que estas actividades fomentan o sector produtivo do concello e están orientadas e relacionadas co amplo abano de competencias propias que exerce o concello.

Segundo establece o artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, poderán concederse subvencións de forma directa cando estas estivesen previstas nominativamente nos orzamentos dos entes públicos, posibilidade que regula tamén o artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 36 da Ordenanza de subvencións do Concello.

A este respecto, esta administración no seu Orzamento para 2025, contempla unha achega económica á **Asociación AXE**, por importe de **4.000 euros**, para o desenvolvemento de actividades

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:9ZB2FYQKIXKDN684

de accións de apoio ao comercio, expresamente prevista no orzamento na aplicación orzamentaria: **08.431.0-481.00.**

4. O Convenio de colaboración con **AXE** constitúe o instrumento polo que se canaliza a subvención prevista, concretándose o seu obxecto no establecemento dun marco de apoio entre as entidades asinantes para o desenvolvemento de actividades de promoción do emprendemento. O devandito documento contén, entre as súas estipulacións, o compromiso de realizar unha achega económica de **4.000,00 €**, contía que non poderá exceder do 50% do custe da actividade, segundo o artigo 5.g) da Ordenanza reguladora das subvencións do Concello.

5. O proxecto do convenio a subscribir axústase ao contido preceptuado polo artigo 40 da Ordenanza de subvencións do Concello, incluíndo a definición sinalada do obxecto da subvención, o réxime xurídico aplicable, o prazo de duración do convenio, os dereitos e obrigas das partes asinantes e o réxime de xustificación da subvención a cumprir polo beneficiario.

As estipulacións do documento convencional non conteñen previsións contrarias ao ordenamento xurídico estando, polo tanto, en consonancia co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006 e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A este respecto xúntase ao expediente o borrador do convenio que contén as bases reguladoras da axuda, e que recollen o contido mínimo previsto na normativa de aplicación, informándose de conformidade polo Servizo xestor do mesmo.

6. O artigo 19 da Ordenanza municipal de aplicación prevé que a xustificación do cumprimento da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa, debendo xustificarse os gastos mediante facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente.

7. Aos efectos de dar cumprimento ao artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012 do 27 abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de conformidade co previsto na Base 51 das de execución do orzamento, únese ao expediente unha memoria económica que analiza o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

8. En cumprimento do disposto nos artigos 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e no artigo 199.h) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, este expediente iníciase cunha memoria onde se xustifica a necesidade e oportunidade do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión e demais extremos establecidos na citada Lei 40/2015.

9. Con carácter previo á aprobación do outorgamento da subvención e á sinatura do convenio, deberán emitir informe a Asesoría Xurídica Municipal e a Intervención Xeral Municipal, de conformidade co establecido no art. 56.1.b) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal, e os artigos 213 e seguintes do RDL 2/2004, que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

10. Os plans estratéxicos de subvencións (en adiante PES) veñen regulados no artigo 8.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, que establece que os órganos das administracións públicas deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O contido do PES ven determinado no Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 17 de novembro. Segundo o artigo 12.3 do dito regulamento, os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas, establecendo que a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvencións.

Asi mesmo, no PES, aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local, na sesión de data 23/11/2023, e que foi obxecto de modificación en datas 26.03.2024, 12.07.2024 e 21/08/25, por Decretos da Alcaldía, e e cuxo marco temporal abrangue o período 2023-2025; contemplou a

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:9ZB2FYQKIXKDN684

subvención obxecto do presente expediente polo que compréndense os obxectivos estratéxicos e xerais da política municipal de subvencións neses exercicios, as liñas de subvención a xestionar, os efectos ou obxectivos operativos pretendidos coa súa execución e as previsións orzamentarias e custos de financiamento.

Nese PES asígnase ao Órgano xestor, Promoción Económica, a liña de subvención **Asociación de Xóvenes Empresarios/as (AXE)**: Networking dirixido ao emprendemento feminino e a formación en novos modelos de emprendemento, **cun custo de 4.000,00 €**. O PES municipal contemplou como obxectivo estratéxico, desta liña de subvención, o de colaborar na atención das necesidades de información, formación e asesoramento. da asociación de xoves empresarios de Pontevedra. Apoiar os proxectos innovadores dos/as xoves empresarios ou das empresas novas. Fomentar a participación de xoves empresario/as da cidade neste tipo de eventos que promovan a imaxe da cidade. Colaborar na loita entre as desigualdades entre sexos. Xerar emprego. Fomentar o asociacionismo.

11.- O artigo 21 da ordenanza municipal de aplicación prevé a posibilidade a realización de pagos anticipados ata o límite do 60% do importe da subvención, estes pagos supoñen entrega de fondos con carácter previo á xustificación como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

Na solicitude presentada pola Asociation, requírese anticipo no 30% do importe da axuda, determinando a ordenanza que non sexa esixible garantía ata o citado porcentaxe.

12. O artigo 189.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL) establece que os perceptores de subvencións concedidas con cargo aos orzamentos das entidades locais e dos organismos autónomos virán obrigados a acreditar, antes da súa percepción, que se encontran ao corrente das súas obrigas fiscais coa entidade, así como, posteriormente, a xustificala aplicación dos fondos recibidos e no mesmo sentido o artigo 40.2 da mesma norma determina que as entidades públicas outorgantes das subvencións poderán verificar o destino dado a estas. Se tras as actuacións de verificación resultase que as subvencións non foron destinadas aos fins para os que se concedesen, a entidade pública outorgante esixirá o reintegro do seu importe ou poderá compensalo con outras subvencións ou transferencias a que tivese dereito a entidade afectada, con independencia das responsabilidades que fose lugar.

Nestes termos esta documentación completarase con aquela que, de maneira exemplificativa, recolle o artigo 12 da OXS.

13. A competencia para a concesión da subvención de forma directa, referente á axuda por este importe, corresponde a Alcaldía, en función do establecido no artigo 36.3 da Ordenanza xeral de subvencións, no 124.4.n) da Lei 7/1985 e no 13.2.n) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal. Así mesmo, as atribucións en materia de seguimento e impulso delegouse nas concellarías de goberno de cada area a concesión de subvencións directas correspondendo segundo decreto de data 17/09/24, aos/as concelleiros/as de goberno delegados de área, segundo o seu ámbito funcional, sempre e cando sexa competencia da Alcaldía.

A vista do exposto, **RESOLVO,**

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención directa, **Asociación de Xóvenes Empresarios/as (AXE)**, co CIF **G36105245,** para a organización de accións de apoio ao emprendemento durante **2025**, por un importe total de **4.000,00 €.**

SEGUNDO: Aprobar o gasto polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente.

TERCEIRO: Prestar aprobación ao texto íntegro do convenio polo que se regula a subvención como

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:9ZB2FYQKIXKDN684

anexo deste acordo, contido no documento co CSV: **28PXTO3R87N9T4XT.**

En Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 18/12/2025
RESOLUCION: 2025010922

Asinado por: ANABEL GULIAS TORREIRO
Servizo: ALCALDIA
Cargo: CONCELLEIRA
Data: 18/12/2025